
**NUMAX
NA ESCOLA**

SUFRAIXISTAS

[Sara Gavron, 2015]

**UNIDADE
DIDACTICA#03**

Sufraxistas



En decembro de 2015 chega ás pantallas españolas *Sufraxistas*, película británica dunha cineasta practicamente descoñecida (Sarah Gavron) que viña avalada pola presenza dun mito da interpretación (Meryl Streep) pero da que pouco máis se sabía. A súa estrea acadou unha inesperada repercusión de público e crítica, manténdose durante varias semanas en pantalla e sumando máis de 250.000 espectadores ao remate da explotación, unha cifra espectacular para un filme de orzamento medio distribuído fundamentalmente en versión orixinal subtitulada. Como se explica este fenómeno?

obra que representase a histórica loita das mulleres británicas a prol do sufraxio universal, ampliou a relevancia social da película. Porén, *Sufraxistas* non é só un filme necesario, trátase dunha obra moi coidada cuxa sólida narración nos introduce de maneira orgánica no contexto sociohistórico do filme, a Inglaterra inmediatamente anterior á Primeira Guerra Mundial.

Londres, 1912. Maud é unha lavandeira que aos seus vintepoucos anos leva toda a vida soportando diferentes modos de explotación por cuestións de clase e xénero. No posto de traballo dedica

Alén das cifras, o filme percíbese desde o inicio como un acto de xustiza. O cinema, considerado como a arte do presente por excelencia, mantiña unha débeda histórica co movemento feminista en xeral e co sufraxismo en particular que o filme da Gavron comezou a saldar. A ausencia até a data dunha

máis de 12 horas diarias a diferentes labores de grande esixencia física a cambio dun salario miserento que, ademais, non chega nin á décima parte do cobrado polos homes na mesma factoría. Á falta de seguridade no traballo, con frecuentes accidentes laborais non cubertos pola compañía, súmase o acoso sexual e a coacción que sofren as mulleres por parte de patróns e capataces. No eido doméstico duplícase a explotación ao responsabilizarse en exclusiva dos labores do fogar e a crianza do seu único fillo, George.

Case por azar, Maud comeza a coincidir coas mobilizacións e actos de protesta do movemento sufraxista que, na súa reivindicación polo dereito a voto das mulleres, estaba a sementar o gromo para un auténtico cambio social. Esta demanda de xustiza e igualdade provoca unha paulatina toma de conciencia na protagonista que topa coa incompreensión e intransixencia masculina en diferentes ámbitos: o xudicial (denegación por parte dun Parlamento exclusivamente composto por homes do dereito ao voto da muller), o policial (represión, torturas, arrestos), e o familiar (o seu esposo négalle a posibilidade de regresar a casa tras un arresto e dá en adopción o pequeno George).

No proceso de toma de conciencia e radicalización da protagonista teñen grande importancia as mulleres que vai atopando no camiño, figuras históricas do movemento feminista perfectamente documentadas pola directora, nas que afondaremos máis adiante nesta unidade. Especialmente emotiva será a asistencia a un mitin da emblemática lideresa sufraxista Emmeline Pankhurst, nunha memorable secuencia na que sobresa o poderío narrativo do filme e a capacidade actoral da gran Meryl Streep. A negación de dereitos por parte das autoridades xudiciais e do propio corpo social británico leva a Maud e as súas camaradas a traballar na clandestinidade e asumir maiores riscos no seu combate situándose de maneira explícita na desobediencia civil. Esta espiral de sublevación e represión acadada o seu punto álxido nunha protesta que ten lugar no derby de Epsom, no que a activista Emily Davison foi esmagada polo cabalo do Rei de Inglaterra, falecendo pouco tempo despois.

Cunha narración pausada e elegante, sen atallos narrativos nin efectos gratuítos, *Sufraxistas* acadada relevancia histórica ao ser o primeiro filme encargado de representar en pantalla grande os chanzos iniciais dun movemento chamado a protagonizar o século XXI: o feminismo.

Mulleres no East London

Cunha obra curta pero significativa, Sarah Gavron parece decidida a documentar co seu cinema realidades a contraño radicadas nos barrios populares de Londres. A directora nace en 1970 na capital británica, filla do célebre editor e filántropo Robert Gavron, e da política laborista Nicky Gavron. Tras graduarse en Artes na Universidade de York e cursar o mestrado de Cinema na Edinburgh College of Arts, Gavron regresa a Londres para estudar na Escola Nacional de Cinema e Televisión e iniciarse na realización na BBC británica. Tras dirixir as curtametraxes documentais *The Girl in the Lay-By* (2000) e *Losing Touch* (2000), asina a súa primeira longa para televisión co drama social *This Little Life* (2003). O debut na pantalla grande chega en 2007 con *Brick Lane*, emotiva historia dunha inmigrante procedente de Bangladesh que combina a denuncia do matrimonio concertado cun atinado fresco social do East London. *Brick Lane* adapta a novela *Sete mares, trece ríos* de Monica Ali e relata, ao igual que *Sufragistas*, o proceso interno de maduración, autoafirmación e empoderamento dunha adolescente. Con este filme foi nomeada aos Premios BAFTA a mellor dirección novel. En 2012, Gavron embárcase nun singular proxecto a catro mans xunto a David Katznelson para rexistrar desde unha ollada documental o día a día dunha afastada comunidade

de Groenlandia: *Village at the End of the World*. Tras conquistar a crítica e público de todo o planeta con *Sufragistas* (2015) a directora inglesa volve á primeira liña cinematográfica en 2019 con *Rocks*, nova incursión nos multiculturais barrios do leste de Londres a través da historia dunha adolescente na procura do seu propio «eu». O filme estreouse na Sección Oficial do Festival de San Sebastián.

Boa parte das motivacións creativas da directora coinciden cos trazos máis habituais e arquetípicos da cinematografía británica. Un cinema de corte realista, preocupado pola realidade material das clases máis desfavorecidas, que pon a cámara ao servizo daqueles colectivos que, por condición racial, de clase ou xénero, adoitan ficar lonxe das esferas de representación e poder. Non é doado, se botamos un ollo a outras latitudes, dar cunha cinematografía nacional tan consistente e coherente en termos éticos e políticos: a escola documental de John Grierson nos anos 30; o documental creativo de Humphrey Jennings durante a Segunda Guerra Mundial; as obras de ruptura do Free Cinema con Lindsay Anderson ou Tony Richardson á cabeza; grandes nomes do cinema social contemporáneo como Ken Loach, Mike Leigh e Stephen Frears; ou autores de culto non adscritos a ningunha corrente



colectiva como David Lean, Bill Douglas ou Terence Davies. O común denominador de todos estes cineastas atopámolo no seu compromiso social e político mais tamén... en que todos eles son homes.

Chama poderosamente a atención como unha filmografía tan relevante como a británica apenas conte con mulleres cineastas de renome. Unha cinematografía sen mulleres, por moi potente que sexa en termos artísticos ou políticos, vai carecer necesariamente dunha representación axeitada de imaxinarios e personaxes femininos. Nese sentido a aparición de Sarah Gavron, con filmes realizados e protagonizados por mulleres de diferentes épocas, orixes étnicas e clases sociais, vén encher un estrondoso silencio.

Un elenco excepcional



Outra das grandes virtudes de *Sufraxistas* atopámola na audaz selección de actrices. Para o papel principal, Gavron conta coa talentosa Carey Mulligan, actriz británica que abraiou a cinefilia mundial en 2010 con *An Education* (Lone Scherfig), coa que foi nomeada aos Oscar a mellor actriz con tan só 15 anos. O seu crecemento desde entón foi imparable e traballou ás ordes de cineastas do nivel de Nicholas Winding Rfne (*Drive*, 2011), Steve McQueen (*Shame*, 2011) ou os irmáns Coen (*A propósito de Llewyn Davis*, 2013). Pero seguramente o seu cénit interpretativo o atopemos no papel de Maud, cunha actuación sobria e contida na que serán



pequenas modulacións do rostro, a voz e a mirada, as que nos transmitan a imparable toma de conciencia da moza sufraxista.

A xuventude de Mulligan combina á perfección coa veteranía da norteamericana Meryl Streep, auténtico mito vivente do cinema mundial que, aos seus 71 anos, segue en plena forma. A actriz de Nova Jersey foi candidata aos Oscar en 21 ocasións e gañou 3 estatuíñas, e aos Globos de Ouro 31 veces, con 8 galardóns. Alén destes recoñecementos, Streep destaca pola súa versatilidade, que lle permite mudar de rostro e alma en cada proxecto no que se implica. Tanto é así que, pouco antes de encarnar a Emmeline Pankhurst en *Sufraxistas*, acababa de bordar o papel da conservadora Margaret Thatcher en *La dama de hierro* (Phyllida Lloyd, 2011).

Xunto a Mulligan e Streep, atopamos unha constelación de actrices e actores pertencentes á prestixiosa escola británica: Helena Bonham Carter (2 nomeamentos aos Oscar), a televisiva Anne-Marie Duff, Brendan Gleeson (Gañador do Emmy pola serie *Into the Storm*) ou Ben Wishaw. En conxunto conforman un elenco sólido e equilibrado, á altura do clasicismo narrativo que sostén a estrutura de *Sufraxistas*.

Obxectivos da unidade



Aproximar o alumnado á historia do **movemento feminista**; partir do exemplo do **sufrazismo** para chegar a expresións máis contemporáneas.



Analizar o concepto da **desobediencia civil** e a súa importancia na Historia contemporánea a partir das protagonistas de *Sufraxistas*, cuxos actos eran sancionados polas normas morais, policiais e xudiciais do seu tempo.



Afondar nos **sacrificios e renuncias individuais** que cómpre asumir na procura dos **dereitos e liberdade colectivos** hoxe universalmente asumidos.



Actualizar e poñer en perspectiva a situación actual dos dereitos da muller na nosa sociedade, a partir do **vocabulario básico** do movemento feminista e a súa evolución histórica.



A **montaxe alterna e paralela**. Estudar a xénese e usos dun procedemento narrativo clave no filme e na narrativa cinematográfica.




Traballar os **documentos históricos** en versión orixinal. Partir da tradución e interpretación dun texto da líder sufragista Emmeline Pankhurst para desenvolver o uso da **lingua inglesa** na que foi escrito orixinalmente.

Metodoloxía

A metodoloxía empregada nesta unidade tenta desenvolver a **competencia dixital** do alumnado e procura un uso formativo das **tecnoloxías da información**, entendendo a Rede como un mecanismo de pesquisa. Afondaremos así nunha perspectiva de traballo teórico desde a investigación e a indagación de **novas e contidos de actualidade**, entendendo o filme como un relato histórico que nos permite analizar o presente. Inclúiranse **pezas audiovisuais** que ilustren algúns dos nexos temáticos de xeito ameno, elaboraranse traballos plásticos e de creación audiovisual para desenvolver o **pensamento diverxente** e as **capacidade creativas** do alumnado.

Combinarase en todo momento a **elaboración persoal** de contidos co **debate en grupos** para desenvolver a capacidade de oratoria e a conformación dun criterio propio a partir do intercambio de ideas e coñecementos, que ampliará a **aprendizaxe socializadora e reflexiva**.

Proporase unha posta en relación dos exercicios coa **vida real** de cada rapaz ou rapaza participante, de maneira que poidan establecer **relacións substantivas** entre os seus coñecementos e experiencias previas e as novas aprendizaxes, asegurando así a construción de **aprendizaxes significativas**.



O FEMINISMO COMO FASE SUPERIOR DO SUFRAXISMO



Adoita considerarse o movementu sufraxista como a primeira semente da que abrollou o pensamento feminista. Porén, o propio sufraxismo conta con precedentes históricos que cómpre non esquecer. O primeiro deles remóntase á Revolución Francesa, un acontecemento histórico crucial que supuxo a implantación das ideas da Ilustración: liberdade, igualdade e fraternidade... para os homes. Unha das voces máis enérxicas de protesta foi a de Olympe de Gouges, autora da «Declaración dos dereitos da muller e da cidadá» de 1791, na que reclamaba os mesmos dereitos políticos que acababan de estrear os homes tamén para a outra metade da poboación. Por conta das súas protestas foi axustizada na guillotina.

As primeiras expresións do sufraxismo teñen a súa xénese nos Estados Unidos e, máis en concreto, na «Declaración de sentimentos de Seneca Falls», de 1848. O documento, asinado por 68 mulleres e 2 homes, todas elas pertencentes a movementos abolicionistas e de corte liberal, revisaba a Declaración de Independencia dos Estados Unidos e exhortaba a incluír o dereito das mulleres ao voto, a afiliarse en organizacións políticas ou desempeñar cargos públicos.

Co paso das décadas o movementu sufraxista foise espallando por diferentes países da Europa Occidental. Neste proceso tivo gran relevancia a I Guerra Mundial, que obrigou as mulleres a incorporarse ao mercado laboral para substituír os homes que marchaban á fronte. Tal e como afirmou a escritora francesa Simone de Beauvoir, autora do influente *O segundo sexo*, «foi mediante o traballo como a muller puido franquear a distancia que a separaba do home para lle garantir a completa liberdade». Se ollamos o contexto social de *Sufraxistas*, a Gran Bretaña de comezos do século xx, o 70 % das mulleres solteiras contaba cun traballo remunerado pero desenvolvido en condicións de extrema explotación e discriminación fronte aos seus compañeiros homes. Moitas destas mulleres comezaron a tomar conciencia da desigualdade que sufrían por cuestión de xénero, e emparellaban as súas condicións de vida e traballo coas dos escravos. Un punto de inflexión, representado ao remate do filme, foi a morte de Emily Davison esmagada por un cabalo no Derby de Epsom no que participaba o Rei Xurxo V. A noticia,



portada de xornais de todo o mundo, supuxo o recoñecemento mundial dun movementu que non pensaba dar marcha atrás nas súas reivindicacións.

En 1917 a Revolución rusa e pouco despois a alemá estableceron o sufraxio feminino e, ao remate da Primeira Guerra Mundial,

seguíronas os Estados Unidos, Gran Bretaña e, aos poucos, a meirande parte dos países europeos. O movementu sufraxista culmina en 1948 coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos aprobada polas Nacións Unidas onde se recoñece o sufraxio feminino como dereito humano universal.

O FEMINISMO COMO FASE SUPERIOR DO SUFRAXISMO



ACTIVIDADE 1

Compartimos o vídeo de youtube 



«**Historia del feminismo en 10 minutos**»

que, dunha maneira amena, repasa os principais fitos do movemento feminista, incluíndo importantes figuras históricas como Soujourner Truth, Flora Tristán, Simone de Beauvoir, a **Declaración de Seneca Falls** ou o movemento #MeToo. Solicitarémolle ao alumnado que anote os diferentes nomes e acontecementos citados, ao remate da reprodución faremos unha listaxe e dividiremos a aula en grupos, de maneira que cada un deles procure información a través da rede e expoña as circunstancias vitais e principais logros de cada unha das protagonistas. Acompañamos a redacción dun debuxo ou fotografía para elaborar un mural conxunto que vaia recollendo, a xeito de liña temporal, a evolución do movemento feminista ao longo da Historia.

ACTIVIDADE 2

Solicitámoslle a un dos grupos que procure información sobre a consecución do **sufraxio feminino en España**. Probablemente chegue á figura de **Clara Campoamor**, avogada madrileña e

principal artífice de que as mulleres españolas acadasen o dereito a voto durante a Segunda República. Proporemos unha análise da transcripción da súa **histórica intervención nas cortes o 1 de outubro de 1931**

ACTIVIDADE 3

O movemento feminista está internacionalmente ligado á **cor violeta**, mais non adoita coñecerse a orixe desta escolla cromática. De novo solicitarémolle a un dos grupos nos que dividimos a aula que procure e comparta información sobre este feito. Remontarémonos a 1908 nos Estados Unidos onde un grupo de traballadoras do téxtil iniciou unha folga en protesta polos baixos salarios. O dono da compañía prendeuulle lume á factoría para tentar rematar coas protestas e **provocou a a morte de cando menos 129 traballadoras**. Conta a historia que o fume, que se podía ver a kilómetros de distancia, era de cor violeta por mor das tinturas da fábrica. Desde entón as mulleres de todo o planeta, incluídas as protagonistas de *Sufraxistas*, empregan esta cor para reivindicaren os seus dereitos.



O DEBER DE DESOBEDECER



No histórico discurso de Emily Pankhurst, representado na parte central de *Sufraxistas*, atopamos unha apelación directa ás mulleres a non obedecer as leis imperantes, creadas por e para os homes:

«Non queremos quebrantar leis, queremos facer leis. A única alternativa que nos deixan é desafiar este goberno. Se debemos ir a prisión para conseguir o voto, que sexan as fiestras do goberno as que escachen e non os corpos das mulleres. Incito as presentes e a todas as mulleres británicas a unha rebelión. Prefiro ser unha rebelde que unha escrava».

Esgotados os mecanismos oficiais e ante unha lexislación considerada inxusta por un importante grupo social, Pankhurst chama a desobedecer as institucións como único medio posible para mudar o estado das cousas. Este mecanismo de protesta, coñecido como **desobediencia civil**, levou a diferentes movementos a rebelarse contra gobernos que violaban os Dereitos Humanos e moitos mudaron a Historia coas súas campañas. Un dos principais ideólogos foi o escritor e pensador **Henry David Thoreau** que sostíña: «Baixo un goberno que encadea inxustamente o lugar axeitado para unha persoa xusta é tamén a prisión». Ao longo da nosa historia recente atopamos exemplos de desobediencia civil considerados fundamentais na consecución dos **dereitos e liberdades**:

Q A marcha do sal, encabezada por **Mahatma Gandhi** en protesta polo alto imposto establecido polo Imperio Británico na India. Reuniu máis de 50.000 persoas e foi a semente da independencia do país hindú. «Con este simple acto estamos a sacudir os alicerces do Imperio Británico» sinalou o histórico líder pacifista.

Q Rosa Parks: O 1 de decembro de 1955 en Montgomery, Alabama, unha muller chamada Rosa Parks volvía en autobús do seu traballo como costureira nuns grandes almacéns, cando o condutor lle pediu que se erguese do asento para lles deixar sitio a pasaxeiros brancos ela negouse. Este pequeno acto de desobediencia valeulle a Parks o arresto e a condea por transgredir a orde pero axiña se converteu en todo un símbolo contra a segregación racial.

Q Martin Luther King foi un dos principais líderes na loita polos dereitos civís do pobo afroamericano exemplificada na histórica marcha a Washington de 1963 na que mobilizou máis de 200.000 afrodescendentes.

Q Na súa loita contra o apartheid, **Nelson Mandela** promoveu a desobediencia contra as políticas xenófobas e racistas imperantes en Sudáfrica, o que lle valeu pasar 27 anos da súa vida na prisión.

ACTIVIDADE



Solicitámoslle ao alumnado que procure a través da rede ou outra bibliografía complementaria exemplos de desobediencia civil ao longo da historia. Ao remate das exposicións abrírase un debate na aula sobre os dilemas que implica opoñerse á orde establecida e a súa importancia histórica.

Pedirémoslle ao alumnado que pense en 3 circunstancias do noso tempo nas que pode considerarse lexítima a desobediencia civil.



«CRIN QUE PODÍA ENDEREITARTE»



Na secuencia central do filme, que rodea o mitin de Emily Pankhurst, asistimos a unha carga policial e ao arresto de boa parte das mulleres participantes no acto, entre elas Maud. Porén, o xefe de policía comenta nun momento dado: «Non se molesten en arrestalas, que os seus esposos se encarguen delas. Déixenas nas portas das súas casas». Vemos así que o **poder patriarcal** defendido polos axentes toma a remuda, no eido doméstico, na autoridade dos maridos que toman decisións en nome das súas mulleres. O diálogo entre Maud e o seu esposo é, neste sentido, elocuente:

—Falei contigo, Maud. Crin que podía endereitarte.

—Talvez non tes que facelo.

—Es nai, Maud. E esposa. A miña esposa. Iso é o que debes ser.

—Xa non son só iso.

Acto seguido Maud é expulsada da súa casa e separada do seu fillo, o pequeno George. A pesar da dor que esta decisión lle reporta á protagonista, ela decide non ceder á presión e continuar coa súa militancia da man do grupo de sufragistas que lle ofrecen teito, comida e solidariedade. Vemos así como a consecución dos dereitos e liberdades adoita precisar de **renuncias e sacrificios** por parte de persoas que poñen os dereitos colectivos por riba do proveito persoal.



ACTIVIDADE

Analizaremos a escena e o diálogo comentados dividindo a aula en grupos. Independentemente do seu criterio persoal pediremos que cada un deles se posicione a favor ou en contra da decisión de Maud de renunciar á seguridade económica, unha vivenda e a custodia do seu fillo a prol de continuar coa súa militancia. A continuación abrirase o debate na aula para desenvolver as argumentacións de cada grupo. Desta maneira fomentarse a oratoria de cada rapaz ou rapaza e o traballo en grupo na procura e intercambio de argumentos.

O FEMINISMO HOXE



Sufragistas pon o seu pé na primeira década do século XX, hai xa máis de cen anos e, obviamente, moitas das circunstancias narradas no filme mudaron. Como vimos, a principal demanda que movía o sufragismo, o dereito das mulleres ao voto e a seren elixidas para desempeñar un cargo político, foi acadado na inmensa maioría dos países. Podemos dicir, por tanto, que as súas demandas foron satisfeitas? Se lles botamos unha ollada aos principais partidos políticos en España veremos que, aínda que a as leis de paridade de xénero están a ampliar a porcentaxe de mulleres en cargos públicos, na inmensa maioría dos casos os postos de poder e representatividade son ocupados por homes. Segundo as últimas novas publicadas as mulleres ocupan só un terzo dos cargos públicos no noso país.

Nos últimos tempos o movemento feminista levou a cabo un exercicio de visualización das principais inxustizas que, por cuestión de xénero, sofren as mulleres no noso corpo social. Termos e conceptos que cada día se asentán máis no imaxinario colectivo e contan cun amplo consenso. Velaquí algúns deles:

Patriarcado

Tipo de organización social cuxa autoridade e poder recae no varón, cun dominio da figura masculino sobre a feminina e os demais membros dun grupo familiar ou social.

Sororidade

Neoloxismo empregado para designar a irmandade e solidariedade entre mulleres con respecto a cuestións sociais de xénero.

Apoderamento

Proceso polo cal as mulleres adquiren ou reforzan as súas capacidades, estratexias e protagonismo, tanto no plano individual como no colectivo, para acadaren unha vida autónoma.

Fenda salarial

Concepto económico que serve para definir a diferenza existente nos salarios percibidos por homes e mulleres. Segundo os últimos estudos publicados, calcúlase que en España esta fenda é superior ao 20 % para os mesmos postos de traballo.

Teito de cristal

Termo que fai referencia aos obstáculos aparentemente invisíbeis que impiden o crecemento ou a presenza de mulleres nas organizacións sociais ou empresariais.

Violencia de xénero

Calquera acto de violencia, física ou psicolóxica, exercida nun sistema de relacións de dominación do home sobre a muller. O dato máis dramático témolo no número de asasinatos de mulleres a mans das súas parellas ou ex-parellas, unha media de 61,3 cada ano en España.

O FEMINISMO HOXE



ACTIVIDADE 1

Tras familiarizarse coa terminoloxía presentada, pedirémolle ao alumnado que procure no filme exemplos que poidan ilustrar cada un dos conceptos. Podemos atopar frases elocuentes como:

«Es nai e esposa. A miña esposa. Iso é o que estás destinada a ser» (*patriarcado*)

«Prefiro ser rebelde que unha escrava» (*apoderamento*)

«Recibo trece xilins á semana, Señor. Para un home é dezanove... e traballamos un terzo máis de horas» (*fenda salarial*)

Tamén pode remitirse a escenas concretas, como o momento no que Maud, expulsada da súa casa, atopa acubillo e apoio nas súas camaradas (*sororidade*).

ACTIVIDADE 2

Cada alumno ou alumna deberá buscar na rede un mínimo de 3 noticias sucedidas no último ano que poidan ilustrar algunha destas realidades. Tras compartilas co grupo tentarase responder a seguinte pregunta: Melloraron as condicións de vida das mulleres desde o contexto social de *Sufraxistas* á actualidade? Cales cres que foron os principais avances? Cales as principais eivas? Xustifica a túa resposta.

ACTIVIDADE 3

Na actualidade boa parte das expresións do movemento de loita polos dereitos das mulleres líbranse nas redes sociais das que o alumnado será probablemente usuario. Solicitaremos que busque e comparta algunha campaña viral que coñeza difundida a través de youtube ou as redes sociais. Podémolo animar con dous exemplos coñecidos:

a) Intervención urbana chamada «Un violador en tu camino» orixinada en Chile a finais de 2019 e replicada viralmente en todo o mundo. Velaquí o vídeo do colectivo Lastesis:

<https://youtu.be/9sbcU0pmViM>

b) Videoclip «**Son muller**», elaborado por alumnas do IES Cacheiras do Concello de Teo, gañadora do premio «Quero Cantar» da Deputación da Coruña en 2017.

23,9% das mulleres atópanse en risco de pobreza

O salario das mulleres é 20,5% inferior ao dos homes

A desigualdade por razóns de xénero continúa intacta no mundo laboral. Os máis recentes estudos sinalan unha diferenza salarial entre homes e mulleres na Galiza de 20,5% para 2019 e apuntan a que 23,9% das mulleres se atopan en risco de exclusión ou pobreza, unha porcentaxe relativamente superior á dos homes.



Traballadoras do sector conserveiro. (Foto: Europa Press)

Contra a violencia machista | Movements sociais

A violencia de xénero en 8 gráficos

Marcos Pérez Pena @marcosperezpena
domingo 25, novembro 2018



Manifestación feminista en Vigo, hai uns meses CC-BY-SA Galiza Contrainfo

PROCEDIMENTOS BÁSICOS DE MONTAXE



Nunha das secuencias centrais de *Sufraxistas*, a do mitin con Emmeline Pankhurst, asistimos a un uso exemplar dun recurso narrativo clave na linguaxe do cinema coñecido como **montaxe alterna**. Vemos diferentes planos das mulleres escoitando a líder intercalados por imaxes da policía preparando as súas indumentarias para cargar contra o grupo de manifestantes. A cada pouco a montaxe faise máis acelerada e focaliza os planos en Maud e outras mulleres que, pola empatía que como espectadores temos cara a elas, poden xerar en nós unha maior sensación de risco. Os planos da policía achegándose ao lugar dos feitos vanse facendo cada vez máis curtos ao tempo que o discurso de Pankhurst se acelera, consciente de que cada segundo de proclamas ao grupo de camaradas cobra vital importancia. Xérase, con medios puramente cinematográficos, unha sensación de intriga, implicación emocional e suspense que fai que vivamos a escena con maior emoción.


Para atopar os primeiros exemplos da historia do cinema no uso deste procedemento narrativo retrocederemos precisamente á década dos anos 10 que ten como protagonista o cineasta **David Wark Griffith**, unanimemente

considerado como o creador das principais convencións da narrativa clásica. Tal e como explica Martin Scorsese (director de *Taxi Driver*) no vídeo que vemos a continuación, o principal elemento que distingue o cinema das demais artes é a montaxe, xenial invento que nas mans de Griffith nos permite como espectador «estar» a un tempo en diferentes tempos e lugares: <https://www.youtube.com/watch?v=iW5bSVdGHzs>

En obras como *O nacemento dunha nación*, de 1915, Griffith perfecciona o uso da **montaxe alterna**, aquela na que vemos accións que se están a desenvolver ao mesmo tempo pero en diferentes espazos. Este procedemento é moi habitual para ilustrar persecucións ou suxerir o próximo encontro na traxectoria de dous ou máis personaxes. O seu efecto é fundamentalmente o suspense. Porén, a **montaxe paralela**, que vemos en obras como *Intolerancia*, do propio Griffith, consiste en alternar escenas de diferentes tempos conectadas entre si por ideas ou asociacións conceptuais. As accións da montaxe paralela coinciden na liña narrativa do filme pero nunca coexisten na unidade espazo-tempo da película. Esta modalidade de montaxe

precisa da participación activa do intelecto do espectador. Temos varios exemplos neste vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=bDJtT-liLvs>

DOCUMENTACIÓN NA LINGUA ORIXINAL



Os históricos textos que se conservan de Emmeline Pankhurst permítenos introducir o alumnado no estudo do arquivo e das fontes orixinais da Historia, ao tempo que serven de exercicio para o perfeccionamento de terceiras linguas, neste caso o inglés. Partiremos do influente texto da líder sufragista dirixido ás membros do Women's Social and Political Union en 1913.

ACTIVIDADE 1

Reading / Writing

Traduce o texto anexo ao galego e redacta en inglés un breve resumo do seu contido.

ACTIVIDADE 2

Listening

Reproducimos algúns dos fragmentos do seguinte vídeo que ilustra algúns dos instantes decisivos da vida de Pankhurst. En primeiro lugar só reproduciremos o audio para, a continuación, ofrecer tamén o texto en imaxe e que cada alumno/a poida comprobar, valéndose imaxe, os acertos ou correccións.

 <https://www.youtube.com/watch?v=tp8ROFFRsV8>

ACTIVIDADE 3

Speaking

A partir da seguinte frase, o alumnado debe dar a súa opinión sobre os principios de actuación propostos pola protagonista, sempre en inglés:

«If any woman refrains from militant protest against the injury done to women, she will share the responsibility for the crime. Submission under such circumstances will be itself a crime»

ACTRICES E MODELOS

As personaxes de *Sufragistas* canda as mulleres reais que as inspiraron.




MAUD WATTS / HANNAH MITCHEL

«O lema *Votes for Women* interesáballes menos aos nosos maridos que a súa propia cea»



EMMELINE PANKHURST

«Non queremos quebrantar as leis, queremos crear as leis»



EMILY WILDING DAVISON

Arrestada en nove ocasións, fixo folga de fame noutras sete. Deu a súa vida pola causa. O seu lema: «Feitos, non palabras»



EDITH ELLYN / EDITH GARRUD

Farmacéutica de orixe acomodada, apoiada polo seu home no activismo sufragista. Converteuse en especialista en artes marciais e gardacostas do movemento.



ESCOLMA DE ARTIGOS E ENTREVISTAS



📌 «A de *Sufragistas* era unha historia que había que contar. E a directora faino con rigor e pulcritude, sen caer no sentimentalismo, o exceso melodramático ou as boas intencións, senón centrándose nas complicacións e penurias polas que tiveron que atravesar as mulleres que sacrificaron a súa vida por un futuro mellor. Aldraxadas socialmente, tratadas como criminais e rexeitadas polos seus maridos. *Sufragistas* é deses filmes británicos de factura impecable, pero nela atopamos a sucidade e a miseria, cheira a suor e opresión, séntese a penuria dos fogares de luz apagada e as condicións infrahumanas das fábricas. É un filme transcendente e ao mesmo tempo modesto. E iso hónrao».

BEATRIZ MARTÍNEZ
Caimán Cuadernos de Cine

📌 «Cuns engados formais excelentes, música de Alexandre Desplat, fotografía do barcelonés Eduard Grau, *Sufragistas* é algo máis que un filme, é a configuración dunha vitoria sobrecolledora. A posta en escena sen fisuras pero sen alardes de Gavron, entre os tons amarelos, de brétema física e treboada moral da foto de Grau, pode semellar algo fría ás veces, pero nunca chega a fender pola emoción da temática e as situacións. A quen non se lle conxele o sangue coas imaxes finais documentais, ten un problema.

JAVIER OCAÑA
El País

📌 «O ton do filme é duro, sincero, emocionante, e presenta un excelente grao de ambientación e sensibilidade e un certo equilibrio na súa ollada histórica e nas súas zonas máis sensíbeis. E mesmo ofrece unha reflexión moi útil na actualidade».

OTI RODRÍGUEZ MARCHANTE
ABC

📌 «Nunca se fixera un filme sobre este momento histórico. Estas mulleres mudaron o curso da Historia. É un relato doutro tempo pero que tamén pode sentirse como presente. Agora tamén hai mulleres por todo o planeta loitando non só polo dereito ao voto senón polos dereitos máis elementais. O filme quere estar á altura das loitas de hoxe».

SARAH GAVRON
cwatlanta.cbslocal.com

SUFRAXISTAS

[Sara Gavron, 2015]

FICHA TÉCNICA

Suffragette, 2015

Duración: 106 minutos

Idioma orixinal: Inglés

Dirección: Sarah Gavron

Guión: Abi Morgan

Elenco: Carey Mulligan, Helena Bonham Carter, Meryl Streep, Anne-Marie Duff, Brendan Gleeson, Ben Whishaw, Romola Garai, Samuel West, Geoff Bell, Natalie Press, Lee Nicholas Harris, Richard Banks, Adrian Schiller, Judit Novotnik, Morgan Watkins

Montaxe: Barney Pilling

Dirección de arte: Jonathan Houlding, Choi Ho Man

Vestiarío: Jane Petrie

Música: Alexandre Desplat

Fotografía: Eduard Grau

Produtoras: Ruby Films, Pathé, Film4, BFI (Gran Bretaña); Canal+, Ciné+ (Francia); Focus Features (Estados Unidos)

Distribución en España: Deaplaneta

PREMIOS

British Independent Film Awards 2015 (Nomeado á mellor actriz principal —Carey Mulligan— e ás mellores actrices de repartimento —Helena Bonham—Carter e Anne-Marie Duff—, mellor actor de repartimento —Brendan Gleeson—.

Hollywood Film Awards 2015 (Mellor actriz —Carey Mulligan— e mellor compositor —Alexandre Desplat—)

Premios do Cinema Europeo 2016 (Mellor deseño de produción)

FILMOGRAFÍA DE SARAH GAVRON

Bricks (2019)

Suffragistas (2015)

Village at the End of the World [con David Katznelson] (2012)

Brick Lane (2007)

This Little Life [TV] (2003)

Losing Touch [curtametraxe] (2000)

The Girl in the Lay-by [curtametraxe] (2000)

MATERIAIS

📺 *Mulleres do século xx* (Mike Mills, 2016)

📺 *Persépolis* (Marjane Satrapi, 2007)

📺 *Las horas* (Stephen Daldry, 2002)

📺 Triloxía das irmás de Margarethe von Trotta: *El segundo despertar de Christa Klager* (1978), *Schwestern oder Die Balance des Glücks* (1979), *Las hermanas alemanas* (1981)

📺 *Jeanne Dielman, 23 quai du Commerce, 1080 Bruxelles* (Chantal Akerman, 1976)

📌 Entrevista exclusiva co elento de *Suffragistas*: <https://www.youtube.com/watch?v=oVtR5IiAUx8>

📌 Días de Cine «Unha necesaria lección de historia sobre a loita polo voto feminino»: <https://www.rtve.es/noticias/20151216/sufragistas-necesaria-leccion-historia-sobre-lucha-voto-femenino/1274161.shtml>

📌 «Mass Meeting of Suffragette», BBC National Archive: <https://www.youtube.com/watch?v=gO0DDDYlBY>

📌 «The Derby – Emily Davison trampled by King's horse», BFI National Archive: https://www.youtube.com/watch?v=um9GV6_AILM

📌 «Miss Davison's Funeral», BFI National Archive: <https://www.youtube.com/watch?v=v8WF2CMJmD8>

📖 *O meu pecado mortal. O voto feminino e máis eu*, Clara Campoamor (Galaxia, 2019)

📖 *Mujeres modernas, madres conscientes y sufragistas exaltadas*, Sonia García Galán (KRRK, 2009)

📖 *Feminismos. La historia*, vv.AA. (Akal, 2019)

📖 *Sufragismo y feminismo en Europa y América (1789-1948)*, María Jesús Matilla Quiza (Síntesis, 2018)

📖 *O segundo sexo*, Simone de Beauvoir (Xerais, 2008)

📖 *Desobediencia civil y otros escritos*, Henry David Thoreau (Tecnos, 2006)

NUMAX NA ESCOLA #03

escola@numax.org

Esta unidade didáctica foi realizada pola cooperativa NUMAX ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia

CONCEPCIÓN E REDACCIÓN
Xan Gómez Viñas (NUMAX na Escola)

DESEÑO GRÁFICO
Laboratorio NUMAX

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal 9, baixo
15702 Santiago de Compostela
TFNO.: 981 560 250 | www.numax.org